



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE SERVIZOS SOCIAIS INCLUÍDA NO PROCESO EXTRAORDINARIO ESTABILIZACIÓN

Expediente 2023/E001/000013

Vistas as bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 e as bases específicas do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha (1) praza de Auxiliar Administrativo/a de Servizos Sociais, persoal laboral fixo ao 100% da xornada, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do 2022 do concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal, publicadas ambas no BOP núm. 247 do 30 de decembro de 2022.

Visto o decreto de 9 de agosto de 2024 polo que se nomea ao tribunal cualificador para o proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de praza de Auxiliar Administrativo/a de Servizos Sociais, persoal laboral fixo ao 100 % da xornada mediante o sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal (Decreto núm. 426/2024).

Vista a acta de 13 de marzo de 2025 por la que se adopta o acordo de aprobación de valoración definitiva dos méritos dos candidatos/as admitidos/as e de proposta de nomeamento como persoal laboral fixo a favor da candidata D^a BENIGNA LÓPEZ PÉREZ.

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente e de acordo co previsto nas bases 18^a, 20^a e 21^a das Bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a relación de aprobados deste proceso selectivo.

Apelidos e nome	NIF	CELGA	Experiencia	Formación	Total
LÓPEZ PÉREZ, Benigna	****6468*	Celga 4	90,00	10,00	100,00

Propor o nomeamento como persoal laboral fixo a D^a BENIGNA LÓPEZ PÉREZ.

Segundo.- Dispoñer a publicación da presente resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Cedeira, taboleiro de anuncios, e a efectos informativos na páxina web municipal, dispoñendo o aspirante aprobado dun prazo de 20 días naturais, contados dende o seguinte á publicación no BOP da presente resolución para presentar no Rexistro xeral do Concello de Cedeira a documentación esixida na Base 18 e 20 das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022, a efectos da posterior firma do correspondente contrato laboral fixo.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruíz, como Secretaria, dou fe.